

---

# O CESGA intégrase na Rede de Cooperación ó Desenvolvemento San Simón

- Actualizado (13.09.2005)

O Protocolo de creación desta rede, promovido pola Consellaría de Cultura Comunicación Social e Turismo, foi asinado hoxe, 29 de novembro, en Santiago.

A devandita Consellaría, como promotora, e a Fundación Caixa Galicia, como ente colaborador, propiciarán a participación e contribución institucional á Rede por parte de todas as entidades que hoxe asinaron o protocolo. Todas as institucións que dende hoxe integran a Rede de Cooperación ao Desenvolvemento San Simón comprometéronse a intensificar as relacións entre Galicia, Europa e Iberoamérica, impulsando a Rede como foro permanente de reflexión, estudo e investigación sobre o valor formativo e cultural das redes tecnolóxicas de información e comunicación.

Institucións integradas na Rede de Cooperación ao Desenvolvemento San Simón:

- Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo
- Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria
- Consellaría de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude
- Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas
- Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)
- Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (IGACI)
- Fundación Caixa Galicia
- Asociación de Televisión Educativa Iberoamericana (ATEI)
- Asociación Universitaria Iberoamericana de Postgrado (AUIP)
- Instituto de Cooperación Iberoamericana (ICI)
- Instituto Nacional de Calidad y Evaluación (INCE)
- Organización de Estados Iberoamericanos (OEI)
- Consorcio Latinoamericano de Enseñanza a Distancia (Red CLESAD)
- Universidade de Santiago de Compostela (Red Compostela)
- Centro Nacional de Educación Profesional de México (Red CONALEP)
- Consorcio Americano de Educación a Distancia (Red CREAD)
- Red Europea de Educación a Distancia (Red EDEN)

- 
- Red Europea de Educación Continua (Red EUCEN)
  - Hispanic Association of Colleges & Universities (HACU)
  - Instituto de Estudios Políticos para América Latina y África (Red IEPALA)
  - Red Latinoamericana de Educación Continua (Red RECLA)
  - Sociedad Internacional para el Desarrollo (Red SID)
  - Red Universidad de Puebla para Ciudades Patrimonio de la Humanidad